



Concello de Vilarmaior

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía nº 350/2023 do 30/11/2023 aprobouse a relación de aspirantes aprobados do proceso selectivo para a provisión en propiedade como persoal laboral fixo da **praza de Educador/a Social** do Concello de Vilarmaior e a proposta de nomeamento do mesmo, correspondente á convocatoria excepcional polo sistema de concurso para a estabilización de emprego temporal de varias prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria 2022, de acordo coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

Nome e apelidos	NIF
Yolanda Criado Allegue	***7745**

Na citada Resolución se require ao proposto para a contratación, para que de acordo coa base décimo terceira, presente no rexistro xeral do concello, a documentación prevista nesa base, para xustificar que cumpre os requisitos esixidos para acceder ao posto convocado, dispoñendo dun prazo de vinte (20) días naturais desde o seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Vilarmaior.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, o aspirante poderá acreditar que reúne as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

Vilarmaior, 30 de novembro de 2023

O Alcalde

Carlos Vázquez Quintián